

Bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para o fomento do Termalismo Social Provincial de Ourense, correspondente ao exercicio 2026.

Obxecto e beneficiarios.

Constitúe o obxecto das presentes bases, a regulación da concesión de subvencións destinadas ao fomento do Termalismo Social Provincial de Ourense nas instalacións balnearias da provincia de Ourense, mediante concorrencia non competitiva, a través do procedemento previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 260, do 12 de novembro de 2015).

A concesión de axudas ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Relación dos programas de estancias e tratamentos subvencionados. Períodos de realización das estancias.

A través do procedemento regulado nas presentes bases, a Deputación Provincial de Ourense concederá subvencións para os seguintes programas:

- 1. Programa de Termalismo Saudable:** este programa abarca dúas modalidades:
 - a. A. Azul, estancias balnearias, (con ou sen servizo de transporte en tren)
 - b. B. Tratamentos terapéuticos sen estancia. Co contido que se describe no apartado correspondente.
- 2. Programa de Cultura Termal.** Implica estancias balnearias durante unha fin de semana con entrada o sábado e saída o domingo.
- 3. Programa de Respiro Termal.** Este Programa implica o acceso a estancias termais colectivas que terán unha duración mínima de 2 días (1 noite), e máxima de 16 días (15 noites), e incluirán estancias das persoas participantes nos establecementos balnearios da provincia de Ourense en réxime de pensión completa, posibilidade de consulta médica e programa de mellora emocional, cada quenda que os balnearios queiran establecer desta modalidade do programa requirirá autorización previa da área de Benestar que se pronunciará sobre os días de duración.
- 4. Programa Termal contra a Soidade Non Desexada e outras situacións sociais.** Este Programa implica o acceso a unha terapia termal colectiva que será definida polo

establecemento que a desenvolva. Dirixirase a grupos, de, como máximo, 20 persoas, cunha duración mínima de 6 meses e máxima de 9 meses segundo o que propoña cada establecemento.

Para o acceso a este programa estableceranse as seguintes vías:

A. Acordo coas entidades locais municipais ou entidades sen ánimo de lucro. Os concellos/mancomunidades ou **entidades sen ánimo de lucro** poderán solicitar o acceso a un dos Programas dentro dos que propoña cada establecemento participante. A selección das persoas participantes en cada programa, será realizada polos servizos sociais municipais ou polos técnicos da entidade sen ánimo de lucro e baixo os criterios que estes teñan para identificar as situacións de “soidade non desexada” ou da situación social que corresponda.

B. Teleasistencia Provincial. - As persoas usuarias que cumpran os parámetros de “situación de soidade non desexada” ou da situación social que corresponda deste servizo da Deputación de Ourense, poderán acceder a estes Programas, dos que serán informados telefonicamente e, caso de ser do seu interese, terán un/unha “asistente telefónico” que xestionará a súa participación.

C. Área de Benestar . - As persoas interesadas en participar no programa de Soledade non Desexada e que non poidan acceder a través da súa entidade local de residencia, do servizo de Teleasistencia Provincial Domiciliaria ou da entidade social que corresponda poderán solicitar directamente na área de Benestar a súa inclusión nun Programa de Soidade non Desexada.

A área de Benestar poderá propoñer a inclusión das persoas que así o soliciten nalgún dos programas de Soidade Non Desexada de entidade local ou de teleasistencia provincial domiciliaria cando queden prazas vacantes e cumpran os requisitos de acceso, fóra de municipio de residencia ou ser usuario/a de teleasistencia provincial domiciliaria.

5. Programa Termalismo Inclusivo. Este Programa implica o acceso a unha terapia termal colectiva e personalizada que será definida polo establecemento que a desenvolva baixo criterios sanitarios.

Para o acceso a este programa estableceranse as seguintes vías:

- 1. Acordo cunha Entidade Sen Ánimo de Lucro** que represente os intereses do colectivo que solicita a participación no programa e así conste no seu obxecto social. Os requisitos de acceso contemplaranse no convenio de referencia.

2. Acordo con entidades locais municipais. Os concellos /mancomunidades da provincia de Ourense poderán solicitar o acceso a un dos Programas dentro dos que propoña cada establecemento participante. A selección das persoas participantes en cada programa, será realizada polos servizos sociais municipais en atención á aplicación de criterios de "inclusividadee social e igualdade". Neste caso as persoas participantes terán que ser residentes no municipio solicitante.

3. A través da Área de Benestar da Deputación de Ourense.

As técnicas colectivas incluídas neste Programa terán a duración que se recolla en cada Acordo e que será, como mínimo, dunha (1) xornada (1 día), e un máximo de 50 xornadas (50 días). A distribución temporal realizarase a criterio do establecemento balneario ou termal que subscriba cada convenio.

A realización de todas as estancias, e/ou recepción dos tratamentos subvencionados a través destes Programas, terán lugar entre o día seguinte ao da publicación destas bases, e ata o 15 de decembro de 2026. No caso de programación de quendas especiais en decembro e xaneiro, estes necesitarán autorización previa da área de Benestar , podendo realizarse ata o 10 de xaneiro de 2027.

As datas de goce serán elixidas polas persoas solicitantes nos períodos ofertados fóra dos Programas termais contra a soidade non desexada e de Inclusividade cuxas datas serán propostas dos establecementos ofertantes e dentro do acordo que regule o seu desenvolvemento

Os períodos de realización das estancias no Programa de Termalismo Saudable, e Programa de Respiro Termal, iniciaranse, preferentemente o luns, día de chegada, e ata o sábado, día da saída.

Os períodos de realización das estancias no Programa de Cultura Termal iniciaranse o sábado, día de chegada, ata o domingo, día de saída.

Os períodos de tratamentos vinculados ao Programa de Soidade Non Desexada e outras situacións sociais e ao Programa de Termalismo Inclusivo, desenvolveranse segundo o calendario ofertado polo establecemento elixido e figurarán no Acordo que se asine.

Establecementos balnearios e establecementos de aproveitamento termal incluídos nos programas subvencionados.

1. Os establecementos balnearios onde se poderán realizar as estancias e tratamentos subvencionados son os seguintes:
 - Gran Balneario do Carballiño.
 - Balneario Arnoia Caldaria.
 - Balneario Laidas Caldaria
 - Balneario Lobios Caldaria.
 - Balneario de Cortegada .
 - Balneario Eurostar Vila de Allariz.
 - Balneario de Caldas de Partovia .
2. Sen prexuízo do anterior, ao longo do exercicio 2026 poderán incorporarse outros establecementos de aproveitamento termal da provincia de Ourense que así o soliciten. A inclusión de novos establecementos durante a vixencia dos presentes programas de subvencións, farase pública a través da sede electrónica da Deputación Provincial.

Os establecementos balnearios e/ou de aproveitamento termal incluídos no programa, terán a consideración de entidades colaboradoras da Deputación, ao amparo do establecido no artigo 12 da Lei Xeral de Subvencións, concretándose os seus dereitos e deber mediante convenio de colaboración que se subscribirá pola Presidencia no marco do establecido nas presentes bases. Sen prexuízo de que o convenio regule outros aspectos, recolleranse os deberes de xustificación das subvencións e o deber de darlle publicidade á participación da Deputación no financiamento dos servizos prestados, e, en todo caso, a xustificación presentarse obrigatoriedade, antes do día 20 de decembro de 2026.

O tipo de tratamento ofertado dependerá do establecemento seleccionado.

Os prezos finais para persoas usuarias dos servizos de cada establecemento, despois de aplicarlles as subvencións previstas nestas bases, figuran na dirección electrónica <https://www.termalismourense.com/>.

Para cada programa os establecementos fixarán un prezo de referencia para os diferentes programas contemplados nestas bases reguladoras, este prezo poderá ter unha variación máxima dun 20% en función do mes no que se establezan as quendas

ou por circunstancias excepcionais sobrevividas, o cambio de prezo nunca afectará as prazas xa reservadas, en calquera caso, a subvención será sempre invariable.

A información detallada sobre as características dos establecementos e dos tratamentos ofertados, estará dispoñible para consulta das persoas interesadas, durante o prazo de presentación de solicitudes, na dirección electrónica seguinte: <https://www.termalismourense.com/>.

Persoas Beneficiarias das subvencións.

1. Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases, as persoas físicas que reúnan os requisitos que se esixen para cada un dos programas, segundo exprésase a continuación:

Programa de Termalismo Saudable:

- a) Ter cumpridos, ou cumprir no ano 2026, corenta e cinco anos de idade.
 - b) Non padecer enfermidade, alteración ou contraindicación médica, que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
2. Ser persoa válida para as actividades da vida diaria. Tamén poderá ser beneficiaria/ou da subvención, como acompañante, calquera persoa maior de idade que desexe aloxarse nos establecementos balnearios e/ou recibir os tratamentos acompañando a unha persoa que reúna os requisitos sinalados nos apartados a), b) e c) anteriores. Neste caso, a súa participación terá que ser pedida de forma conxunta cun/a solicitante que cumpra estes requisitos, realizándose de forma simultánea, na mesma solicitude. No caso de que o/a titular da solicitude renuncie ou cause baixa, automaticamente o dereito do/a acompañante decae, tendo neste caso que realizar unha nova solicitude se cumpre os requisitos de idade que se establece para cada programa.

Programa de Cultura Termal:

- a) Ter cumpridos o solicitante, polo menos, 18 anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade, alteración ou contraindicación médica, que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
- c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.

Tamén poderá ser beneficiaria/o da subvención unha persoa acompañante da persoa solicitante. Nos establecementos que oferten o programa con nenos/as menores de doce anos, poderase engadir un/a acompañante máis menor de doce anos.

A persoa beneficiaria principal e os/as acompañantes aloxaranse na mesma habitación.

Os/as menores de idade non recibirán tratamentos balnearios en ningún caso.

- 3. A participación das/os acompañantes terá que ser pedida de forma conxunta coa da persoa solicitante, realizándose de forma simultánea, na mesma solicitude. No caso de que o/a titular da solicitude renuncie ou cause baixa, automaticamente o dereito do/a acompañante decae, tendo neste caso que realizar unha nova solicitude se cumpre os requisitos de idade que se establece para cada programa.
- 4. As persoas interesadas poderán acceder á condición de beneficiario/a solicitando as subvencións individualmente, (ben sexa en nome propio ou mediante representante) da maneira descrita na base decimosegunda,

Programa Respiro Termal.

- a) Ter cumpridos a persoa solicitante, polo menos, 18 anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade, alteración ou contraindicación médica, que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
- c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.
- d) Ser residente nalgún dos municipios beneficiarios do Acordo para o Respiro Termal asinado polo seu Concello e a Deputación de Ourense ou estar proposta a súa inclusión pola Área de Benestar .

Programa Termal contra a Soidade Non Desexada

- a) Ter cumpridos a persoa solicitante, polo menos, 50 anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade, alteración ou contraindicación médica, que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
- c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.
- d) Ser beneficiario/a dun Acordo Termal contra a Soidade Non Desexada asinado polo Concello da provincia de Ourense onde residan, ser usuario/a da Teleasistencia Provincial Domiciliaria, ou estar proposta a súa inclusión pola área de Benestar en prazas que resulten vacantes nalgún dos programas anteriores.

Programa Inclusión Termal

- a) Non padecer enfermidade, alteración ou contraindicación médica que dificulte, ou impida, a normal convivencia nos establecementos balnearios.
- b) Ser beneficiario/a dun Acordo Termal do Programa de Inclusión Termal asinado pola Deputación de Ourense e a entidade sen ánimo de lucro da que forme parte como socio/asociado e/ou membro ou ben ser beneficiario/a do Acordo asinado coa Entidade Local onde reside.

Forma de pago dos servizos subvencionados por parte das persoas beneficiarias.

1. Os/As beneficiarios/as abonarán o prezo das prazas da forma seguinte:
 - a) Previamente á formalización da solicitude de subvención e á súa presentación no Rexistro Xeral da Deputación, o/a interesado/a deberá autorizar ao establecemento balneario da súa elección para efectuar, con cargo a unha tarxeta de crédito, unha retención en garantía do pago da estancia ou tratamento.
 - b) No programa de Termalismo Saudable (Estancias Balnearias), a retención en garantía do pago poderá ser do 100% do prezo total ou dunha contía inferior, a elección da persoa solicitante. No caso de que a persoa solicitante desexe que se realice unha retención inferior en garantía de pago, será das contías seguintes:
 1. Programa Estancias sen tren: 50 € en concepto de reserva de praza
 2. Programa Estancias con tren: 160 € en concepto de reserva de praza

- c) No Programa de Cultura Termal e Programas de Tratamentos Balnearios sen estancia a única opción será a retención do 100% do prezo do programa pedido polo solicitante.
 - d) Programa Termalismo Azul: 50 € en concepto de reserva de praza
 - e) Programa Respiro Termal: Non require de anticipo en concepto de reserva de praza
 - f) Programa Termal Contra a Soidade Non Desexada: 96 €
 - g) Programa de Termalismo Inclusivo: Concretarase nos convenios que se subscriban e, en todo caso, será o equivalente ao 25% do importe total do Programa, segundo o número de xornadas que conleve
2. A cantidade pendente para completar o pago total da praza, no seu caso, abonarase directamente aos establecementos balnearios no momento da chegada a eles, facéndoselles entrega da factura correspondente.
3. No caso de que o/a solicitante decida renunciar á praza adxudicada poderá facelo e terá dereito a que libéreselle a retención en garantía, que verá reflectida na súa tarxeta de crédito; salvo que para algunha modalidade ou quenda o balneario contemplase unha política de cancelación diferente, a cal terá que estar reflectida na web de referencia con carácter previo á solicitude. Para que poida ser efectivo o dereito a esta devolución, a renuncia terá que facerse cun mínimo de 15 días naturais de antelación á data de inicio do seu programa subvencionado. A renuncia tramitarase de maneira telemática a través da plataforma informática.

Despois de comezar a recibir o Programa Termal Contra a Soidade Non Desexada, ou o Programa de Inclusión Termal non poderá solicitarse devolución algunha.

No caso de que a renuncia implique unha modificación de datas para a realización do programa, só se permitirá unha única modificación de datas. De producirse unha segunda renuncia a este período alternativo non existirá posibilidade de devolución do importe de reserva.

4. Os/as usuarios/as poderán solicitar un cuarto individual, así como calquera outro servizo adicional ofertado polo establecemento. Estes servizos non serán obxecto de subvención, e serán abonados exclusivamente polo usuario que os solicite.

Solicitudes. Prazo, modo e lugar de presentación e documentación esixible.

As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación destas bases na Base de datos Nacional de Subvencións, e ata esgotar o crédito orzamentario, e, en todo caso, sempre dentro dos períodos ofertados durante o exercicio 2026.

1. As solicitudes deberanse realizar de maneira telemática, a través da dirección electrónica <https://www.termalismoourense.com/>, rexistrándose as mesmas ante o Rexistro Electrónico Xeneral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos para a formulación das solicitudes terá carácter obrigatorio, ao amparo do previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 7.2 da vixente Ordenanza de acceso electrónico aos servizos provinciais da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 296, con data do 28.12.2009), ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade de medios tecnolóxicos precisos conforme ao establecido nos parágrafos seguintes, polo que non se admitirá ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme ao previsto nesta base.

A solicitude, unha vez cuberta na plataforma electrónica, presentarase ante o Rexistro da Deputación de Ourense a través dos medios seguintes:

- A. Con Certificado electrónico.
- B. Sen certificado electrónico.
 - B.1 Sistema Mixto: Presencial e En liña.
 - B.2 Presencialmente.
 - B.3 Identificación dixital por voz.

A. Con certificado electrónico. Admitirase a presentación a través de calquera dos medios válidos habilitados por esta Deputación.

B. Sen certificado electrónico

Neste caso as persoas interesadas poderán presentalas das seguintes formas:

B.1.- Sistema Mixto: Presencial e En liña. cubrirán a súa solicitude a través da plataforma informática, unha vez cuberta, poderán imprimila e levala ante calquera das oficina de Correos de España e pedir que envíen o orixinal polo SISTEMA ORVE ao rexistro da Deputación de Ourense, ou ante calquera dos outros rexistros válidos recolleitos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A persoa interesada terá 7 días naturais desde que cubriu a solicitude a través da plataforma: <https://www.termalismoureense.com> para dirixirse a Correos ou ante calquera outro dos rexistros válidos e remitir a súa solicitude á Deputación de Ourense. Durante este prazo de 7 días naturais, a(s) praza(s) solicitada estará bloqueada ao seu favor; concluídos estes 7 días naturais sen que conste a entrada da súa solicitude por rexistro, a praza desbloquearase e quedará dispoñible. Neste caso, liberarase a retención da garantía e a persoa solicitante verao reflectido na súa tarxeta de crédito.

B.2.- Presencialmente. Son entidades colaboradoras os establecementos balnearios recolleitos na base oitava.

Estas entidades poderán dirixirse as persoas solicitantes do Programa, completar o formulario de solicitude e facer o depósito correspondente segundo o indicado na base décimo segunda. Desde este momento entenderase pre adxudicada esta(s) praza(s). Será no momento en que a persoa solicitante chegue ao balneario para gozar do servizo, cando encha a favor da entidade colaboradora o documento normalizado no que lle outorga a representación e que lle permitirá oficializar a presentación de solicitudes e acceder á subvención á que teñan dereito.

Será a entidade colaboradora a que presente esta solicitude conxuntamente coa copia dixitalizada da representación ante calquera rexistro válido para iso en cumprimento do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

B.3.- Identificación dixital por voz

A persoa interesada deberá solicitar unha cita na Deputación de Ourense a través dunha chamada ao 988 317864. Nesta chamada concertarase un día e hora para asinar a solicitude por voz: firma biométrica vogal, que quedará anexada á solicitude para poder presentarse no rexistro dixital por funcionario/a habilitado.

A plataforma informática requirirá automaticamente a emenda das deficiencias consistentes na ausencia da documentación anexa prevista no presente apartado, de maneira tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que esta deficiencia sexa emendada.

2.- Non será necesario anexar ningunha documentación coa solicitude, xa que a Deputación procederá, de oficio, á comprobación dos datos da persoa interesada necesarios para resolver o procedemento, mediante consulta nas plataformas de intermediación de datos das administracións públicas e acordo co establecido no artigo

28.2 e 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo os datos obxecto de consulta os seguintes:

- A identidade e data de nacemento da persoa física solicitante, a través do seu DNI ou NIE.
- O municipio de empadramento do solicitante.

Non obstante ao anterior, o interesado deberá anexar coa solicitude a documentación que se indica nos seguintes casos:

- No suposto de persoas estranxeiras non residentes en España, deberán presentar copia electrónica auténtica do seu pasaporte.
- No suposto no que o solicitante non autorice á Deputación para a consulta dos seus datos, deberá achegarse copia electrónica auténtica do seu DNI ou NIE e do seu certificado de empadramento.
- No suposto en que non sexa tecnicamente posible que a Deputación efectúe a consulta dos seus datos, a Deputación poderá requirir ao interesado para que achegue a documentación necesaria.

3. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lle prestará a asistencia precisa aos interesados, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.